

RAPARIGAS EN UNIFORME

1477

Leontine Sagan, Carl Froelich, 1931


ESTREA EN NUMAX: 11.03.2025 | V.O.S.E. | 88 min.

Manuela é unha adolescente enviada a un ríxido internado despois da morte da súa nai. Alí ensina Elizabeth, a profesora máis nova pola que todas as nenas suspiran. Baseada nunha obra de Christa Winsloe, trátase dunha das primeiras películas da historia en tratar o lesbianismo de maneira directa

Presentación e coloquio co Cineclube Mazarelos, entidade organizadora da sesión

«Un filme con case un século ás súas costas que transpira forza e vida en cada un dos seus planos»

José Luis Forte, EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO



A sexualidade como campo de batalla ideolóxico

Por Lauren Humphries-Brooks

Raparigas de uniforme foi estreada en 1931, nun axitado contexto político que, pouco despois, daría co inicio do Terceiro Reich. Non é difícil detectar trazos deste contexto nun filme que, ademais da súa temática lésbica, sorprende pola maneira en que amosa a crueldade do sistema educativo alemán, criticando abertamente o trato autoritario e militar do internado como un camiño antitético ao desenvolvemento persoal, a aprendizaxe e o progreso.

Baseada na obra de Christa Winsloe, a película présentanos a Manuela, unha moza que entra nun internado dirixido polo brazo implacable de Fräulein von Nordeck zur Nidden. Un dos poucos motivos de felicidade para as alumnas vén do agarimoso trato dunha profesora, von Bernburg, da que axiña namora Manuela. O filme ábrese así a un poderoso conflito entre o autoritarismo e o amor, a privación e a sensualidade. O amor, representado por von Bernburg, é sensual e romántico e nela confúndense o desexo co afecto maternal. A nacente sexualidade das adolescentes convértese nun campo de batalla ideolóxico no que entran en xogo o autoritarismo e a heterosexualidade imposta fronte a liberdade de escolla e a sexualidade fluída.

Raparigas de uniforme equipara o desexo homosexual coa resistencia ao autoritarismo e os roles tradicionais de xénero. Nun intre do filme, as rapazas interpretarán o “Don Carlos” de Schiller asumindo algunhas delas papeis masculinos e, en base a estes roles, demostran o seu desexo homosexual, amparado pola lóxica do texto teatral. Tras o éxito da representación, e bébeda por causa dun ponche cargado de máis, Manuela declara ás súas compañeiras o seu amor cara á profesora, que ademais viña de prestarlle unha enagua. Esta declaración perfora o contexto teatral no que as insinuacións homoeróticas eran permitidas e impactan na realidade, o que leva á directora do centro a castigar a rapaza e empurra o filme cara ao seu conflictivo final.

O filme non entra a valorar o feito, non exento de conflito, de que as rapazas namoren das súas profesoras e que estas cheguen a correspondelas. Tampouco se afonda nesta mestura de sensualidade e sentido maternal, que daría para unha fonda análise freudiana na que teríamos unha interesante ruptura da teoría edípica. O que si resulta rechamante é que a sociedade masculina está fóra da película. A presenza dos homes fica relegada a algún comentario sobre os pais, algunha foto de ídolos adolescentes ou o desexo verbalizado pola directora de que as rapazas acaben criando “a próxima xeración de soldados”, frase que acada maior dramatismo se temos en conta a época na que foi realizada a película. Pero os grandes conflitos, o desexo ou a camaradería son interpretados e encarnados por mozas e mulleres. Algunhas, como a directora, representan a privación e a orde autoritaria. Outras, como von Bernburg, achegan empatía e educación.

Leontine Sagan inspírase nos mestres expresionistas para empregar primeiros planos e ángulos oblicuos, especialmente cando adopta o punto de vista de Manuela na súa lenta caída. A cámara coloca o espectador na posición dunha adolescente que experimenta a paixón e a dor do primeiro amor, o que salienta o importantes (e escasas) que eran as películas centradas na adolescencia feminina. O resultado é unha obra antiautoritaria, filme seminal do cinema LGBTQ+ e, en si mesma, unha poderosa arma de discusión política.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Raparigas en uniforme,
Christa Wisloe.
Irmás Cartoné, 2024